

Ubaldo Cerqueiro - 31 Marzo 2014 - 07:15 |

Corcoesto celebrou a súa “vitoria” contra a mina



Xantar Lúdico en Corcoesto contra a mina-Foto-Plataforma en Defensa de Corcoesto e Bergantiños

Fermoso e emotivo o xantar lúdico que armaban as AA.VV. de Cereo, Valenza, Corcoesto e a Plataforma pola defensa de Corcoesto e Bergantiños na carballeira de Santa Mariña esta pasada fin de semana. O punto 0 do proxecto mineiro, Corcoesto, acollía este evento baixo o lema “Polo rexurdir da primavera e o amor à terra”.

Un xantar para 200 comensais loitadores, que levan en pé de guerra contra o proxecto mineiro máis de 2 anos, e que quixeron celebrar o que parece a [denegación definitiva da mina](#) a pesar de que [a empresa Edgewater siga buscando financiamento](#). Así, a ritmo dos “Versus Cianuro”, celebrouse esta “vitoria”, pero a sociedade segue “espectante”.



Lendo os Versos contra o cianuro

Ademais de persoeiros do tecido asociativo, tamén quixeron deixarse ver os membros de AGE e do BNG. Personalidades como Beiras ou Jorquera asistiron ao xantar.